DA AULA DE FP A UNIVERSIDADE

Un proxecto práctico para que o voso alumnado demostre o que sabe e axude a transformar o turismo.

TURISMO PARA TODOS · IDEAS QUE ELIMINAN BARREIRAS



O VOSO CENTRO

FACULTADE · UVIGO

POR QUE SUMAR O VOSO CENTRO

FP + UNIVERSIDADE
Unha iniciativa universitaria aberta ao voso alumnado, avalada por CEDTUR.

COMPETENCIAS PROFESIONAIS
Análise, proposta, comunicación e traballo en equipo nun proxecto real.

ACCESIBILIDADE E INNOVACIÓN
Un reto de sostibilidade social conectado co turismo que vén.

RECOÑECEMENTO
Para todos os equipos participantes e premio para o gañador.

VISIBILIDADE
O traballo do centro e do profesorado titor, no escaparate universitario.

FÁCIL DE ORGANIZAR
Un correo para inscribirse e outro para entregar. Sen límite de equipos.

O RETO

Como podemos crear experiencias turísticas máis accesibles, inclusivas e desfrutables para todas as persoas?

Pistas, non categorías: persoas con distintas capacidades e necesidades; destinos, aloxamentos e actividades; solucións dixitais e de comunicación; calquera idea innovadora e inclusiva.

QUEN PARTICIPA

- Alumnado de ciclos formativos vinculados ao turismo.
- Equipos de ata 3 estudantes.
- Sen límite de equipos por centro.
- Un profesor ou profesora titor (ata dous por centro), que orienta sen substituír a autoría do alumnado.

COMO PARTICIPAR

1 · ANTES DO
31 OUT
Correo a decano.eto@uvigo.gal co número de equipos e o nome do titor ou titora.

2 · ATA O
11 DEC
Cada equipo envía memoria e vídeo por correo a decano.eto@uvigo.gal.

3 · DESPOIS
FALLO
O tribunal avalía e o equipo gañador pasa á Fase Nacional de CEDTUR.

QUE SE ENTREGA

MEMORIA

1.000–1.500 palabras (sen bibliografía nin anexos). Arial ou Times New Roman 12, interliñado 1,5, portada institucional e referencias. Estrutura orientativa: contexto, marco, diagnóstico, proposta, conclusións.

VÍDEO

Máximo 3 minutos, .mp4. O equipo aparece no vídeo; non se pode ler a memoria literalmente.

COMO SE AVALÍA

MEMORIA 60 %	VÍDEO 40 %

Memoria: comprensión do tema 15 · análise e diagnóstico 15 · calidade e viabilidade da proposta 15 · claridade e forma 15.

Vídeo: claridade e síntese 15 · coherencia coa memoria 10 · calidade comunicativa 10 · creatividade 5.

TRIBUNAL ACADÉMICO

Trinidad Domínguez Vila
Elisa Alén González
Marcos Álvarez Díaz

Designado pola Facultade. A súa decisión é pública e inapelable.

RECOÑECEMENTOS

- Recoñecemento para todos os equipos participantes.
- Premio para o equipo gañador, que representa á Facultade na Fase Nacional.
- A Facultade asume os gastos da participación do equipo gañador na Fase Nacional.

INSCRICIÓNS E ENTREGAS

DECANO.ETO@UVIGO.GAL

Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo · Universidade de Vigo · Campus de Ourense

descubrefcetou.uvigo.gal